



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE

# “Memoria das actividades realizadas no ano 2017”

**ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982**  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública  
nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
**Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense**  
**Tfno: 988 229 615 / 663 780 330**  
**alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com**  
**Facebook: asociacion.alcer.ourense – Twitter: @AlcerOurense**

## COLABORAN:



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: asociacion.alcer.ourense – Twitter: @AlcerOurense



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## ÍNDICE

### **1. ALCER OURENSE: PRESENTACIÓN**

### **2. PROGRAMA DE ATENCIÓN SOCIAL, INFORMACIÓN E FORMACIÓN:**

- ATENCIÓN SOCIAL
- PACIENTE MENTOR
- CHARLA SOBRE ALCER PARA TRABALLO SOCIAL
- CHARLA SOBRE ALCER PARA CICLO FP PORTOVELLO

### **3. PROGRAMA DE PREVENCIÓN:**

- DIA MUNDIAL DO RIL  
(9 de marzo)
- PASEO POLA SAÚDE  
(30 a 31 de maio)

### **4. PROGRAMA DE DIVULGACIÓN:**

- DIA NACIONAL DO DOADOR  
(7 de xuño)
- III CICLO DE CINE E MEDICINA  
(6 de xuño)
- PROXECTO SALVAVIDAS
- CHARLA ARMARIZ
- STAND RECINTO FERIA DE EXPOURENSE
- MESAS INFORMATIVAS EN CAMPUS DE OURENSE
- ENCONTRO DE VOLUNTARIADO 2017  
(5 de decembro)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## **5. PROGRAMA DE CONVIVENCIA ENTRE SOCIOS E FAMILIARES:**

**- COMIDA DO MAGOSTO  
(26 de novembro)**

## **6. ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN COAS FEDERACIÓNS**

## **7. OUTRAS ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPAMOS**

## **8. ASISTENCIA A ACTOS E REUNIÓNS**

## **9. RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS**

### **ANEXO 1: NOTICIAS DE PRENSA**

### **ANEXO 2: COLABORADORES**

### **ANEXO 3: ECONOMÍA CONTAS DE PÉRDIDAS E GANANCIAS DO 2017**



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## **1. ALCER OURENSE**

**Nome:** ALCER Ourense (Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense)

**CIF:** G-32.011.041

**Enderezo:**

Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS AIXIÑA  
32.005 (OURENSE)

Tlf: 988 229 615 /663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com)

**Data de Constitución:** 29 de xaneiro de 1982, ONG de carácter sanitario e social, non lucrativa, declarada de utilidade pública.

**Nº Rexistro de Entidades Voluntarias:** O-44

**Nº Rexistro Provincial:** 277

**Responsable:** M<sup>a</sup> Teresa Pereira González (Presidenta da Asociación)

### **Compoñentes do Órgano de Goberno:**

<b><u>Presidenta:</u></b>	M <sup>a</sup> Teresa Pereira González
<b><u>Vicepresidente:</u></b>	Carlos Caamaño del Castillo
<b><u>Secretario:</u></b>	M <sup>a</sup> Luz Grande Blanco
<b><u>Tesoureira:</u></b>	Ángela Rodríguez Sánchez
<b><u>Primeiro vocal:</u></b>	Antonio Vázquez Prada
<b><u>Segunda Vocal:</u></b>	Leopoldina Losada Rey
<b><u>Terceira Vocal:</u></b>	Pilar Suárez Aller

**Número de socios:** (77 numerarios e 45 colaboradores)

**TOTAL:** 122



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

**ALCER Ourense é unha Asociación de carácter social e sen ánimo de lucro** que ten como **finalidade xeral**, contribuír á atención **moral e física e social de modo integral** de todas aquelas persoas afectadas de enfermidades renais así como a dos seus familiares, mellorando a súa calidade de vida, tentando prever as enfermidades do ril mediante o desenvolvemento de actividades de **sensibilización e concienciación**.

A Asociación está composta por **enfermos renais crónicos en tratamento de diálise, transplantados do ril** e persoas sensibilizadas con este tipo de enfermidade e a súa problemática. O número actual de socios é de 122 membros, dos cales 77 son socios numerarios (enfermos de ril) e 45 socios colaboradores.

O traballo que leva a cabo esta Asociación, a través de tódalas actividades programadas ó longo do ano, é totalmente desinteresado; tratando de:

- **Sensibilizar** o conxunto da sociedade e fomentar a doazón de órganos, a través de campañas de sensibilización e concienciación da Insuficiencia Renal Crónica Terminal (IRCT)
- **Ofrecer** atención a tódolos enfermos renais e ás súas familias (económica, social e psicolóxica) dun xeito integral.
- **Promover** un estado de opinión favorable cara o enfermo renal coa finalidade de conseguir a total integración deste colectivo en tódolos ámbitos da vida.
- **Subsanar e paliar** posibles carencias que presenta a administración ou onde esta non pode chegar.



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

Queridos amigos/as, esta memoria que vos entregamos, resume os proxectos e actividades que a Asociación Alcer Ourense levou a cabo no ano 2017, estas actividades son froito do empeño e a loita de moitas persoas que de xeito anónimo fixeron posible que hoxe, ALCER OURENSE sexa unha realidade .

Dende Alcer Ourense desexamos manifestar todo o noso agradecemento, a todas aquelas persoas, institucións públicas e persoas anónimas sen as cales sería imposible realizar este labor, xa que é un traballo de equipo, no que todos e todas as que formamos parte de Alcer colaboramos poñendo o noso grao de area.

Porque só froito da unión e traballo de todos/as os que fan Alcer Ourense (socios, colaboradores, amigos e profesionais a través das súas ideas, horas de traballo así como unha dedicación de xeito altruísta) fan posible que Alcer Ourense, sexa hoxe un referente non só para aquelas persoas que teñen enfermidade renal senón para a sociedade Ourenzá en xeral.

Unha vez máis a Asociación Alcer Ourense, foi capaz de cumprir os seus obxectivos, todo dende o máximo respecto e vocación de servicio.

A todos/as gracias

**M<sup>a</sup> Teresa Pereira González**  
**Presidenta de Alcer Ourense**



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## **2. PROGRAMA DE ATENCIÓN SOCIAL, INFORMACIÓN E FORMACIÓN**

### **ATENCIÓN SOCIAL**

Este foi realizado por unha diplomada en traballo social ó longo de todo o ano desenvolvéndose diferentes e diversas actividades encamiñadas a conseguir os obxectivos mencionados anteriormente. Dirixidas non só ós enfermos renais e ós seus familiares senón tamén ó resto dos cidadáns da provincia de Ourense, para transmitir información sobre a prevención de ditas enfermidades, así como a concienciación sobre a doazón de órganos.

**A traballadora social é unha figura imprescindible para a realización de tódalas actividades previstas pola asociación e deste modo lograr alcanzar os obxectivos propostos pola asociación.**

Esta actividade levouse a cabo ao longo de todo o proxecto e sen a cal non podíamos realizar outras actividades. As funcións e actividades desenroladas pola traballadora social de Alcer foron:

#### **1º Funcións terapéuticas / asistenciais.**

Directas: intervención social co propio afectado/a.

Indirectas: Intervención co entorno, movendo os obstáculos para o normal funcionamento.

#### **2º Educativas:**

Charlas informativas en colexios, institutos, asociacións de veciños, concellos (de toda a provincia de Ourense).

Levando a cabo o Proxecto Salvavidas.

#### **3º Sensibilización e Concienciación:**

Celebración do Día Mundial do Ril (segundo xoves de marzo).

Celebración do Día do Doador (primeiro mércores de xuño).

Participación na actividade “Un Paseo pola Saúde” organizada polo concello de Ourense.

Participación nas feiras de Expourense, grazas a un convenio de colaboración firmado entre Expourense e a Asociación.

Charlas en colexios, institutos e asociacións de veciños

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)





Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

#### **4º Sociais:**

Acompañamento e atención a pacientes en hemodiálise e diálise peritoneal.

- **Avaliación** a través de informes e entrevistas precisos, as demandas e necesidades sociais e individuais dos enfermos.
- **Diagnóstico, orientación e tratamento** dos problemas sociais dos usuarios.
- **Asesoramento e tratamento social** dos pacientes ou familiares a petición propia ou ben dos equipos asistenciais.
- **Sensibilización** dos profesionais sanitarios sobre a detección de aspectos sociais do paciente así como da sociedade en xeral e da importancia da prevención da enfermidade renal.
- **Concienciación da sociedade** en xeral sobre a insuficiencia renal crónica así como da importancia de doar órganos para salvar vidas, a través de campañas de sensibilización e concienciación.
- **Coordinación con outros servizos** (públicos e privados) a fin de canalizar adecuadamente a problemática social.
- **Información**, dando a coñecer ó usuario os recursos sociais ós que pode optar así como ós que ten dereito, atendendo á súa situación específica.

O servizo de información, orientación e asesoramento cobre entre outras as seguintes demandas:

- Certificados de Minusvalía
- Vacacións e Turismo Social
- Servizo de Axuda a Domicilio
- Teleasistencia Domiciliaria
- Reintegro de gastos do SERGAS: transporte adaptado e medicamentos
- Pensións da Seguridade Social (contributivas e non contributivas)
- Axudas económicas (Xunta, Concello)
- Axudas técnicas (cadeiras de rodas, muletas...)
- Bonificacións por Minusvalía.
- IRPF Familias Numerosas, carné de familia numerosa.
- Vehículos adaptados.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

- **Visitas a Domicilio** Ás zonas máis afastadas do núcleo urbano, a aquelas persoas que debido á súa situación xeográfica teñan máis dificultade para acceder ós recursos e así coñecer as posibles necesidades ou carencias sociais que poden padecer e solventalas.
- **Visitas a centros de diálise** realizando unha escoita activa a estes enfermos que servirá en moitos casos para detectar posibles necesidades ou ben serán eles quen as demanden e xestionándoas dende a asociación, isto realizouse quincenalmente dous días á semana en seis quendas diferentes e en toda a provincia de Ourense.


No transcurso do ano 2017, realizáronse un total de 113 visitas ás diferentes quendas e salas de hemodiálise, así como á unidade de diálise peritoneal, nos que se atendeu un total de 220 pacientes.

Por outra banda, tamén se atenden consultas dos 450 pacientes en consulta nefrolóxica de ERCA (Enfermedad Renal Crónica Avanzada) e de persoas transplantadas.

**As consultas atendidas e xestións realizadas pola traballadora social foron 196**, e sobre temáticas como vacacións para persoas en diálise, trámites para solicitar a doazón de órganos, do corpo a ciencia, de médula ósea, prestacións de dependencia, reintegro de gastos do SERGAS, os servizos propios da entidade, incapacidade e certificado de minusvalía, servizos de axuda a domicilio, realizáronse derivacións a outros organismos, e abríronse expedientes de varios pacientes coa conseguinte elaboración de historia social e seguimento, entre outras.



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense



En relación á información transmitida polas redes sociais, indicar que o número de seguidores en cada unha delas a 31 de decembro e o número de persoas alcanzadas nalgunhas das publicacións máis vistas é o seguinte:

	FACEBOOK	TWITTER
Seguidores 31/12/2016	433	273
Seguidores 31/12/2017	488	343
Alcances no ano 2017	4.600 (02/02/2017) 1.100 (24/05/2017) 1.200 (15/11/2017)	

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
 Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
 Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: @AlcerOurense



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## **PACIENTE MENTOR**

O programa Paciente Mentor está destinado a pacientes con enfermidade renal crónica avanzada e ós seus familiares ou cuidadores, previo á entrada en tratamento renal substitutivo.

É un programa que ALCER Ourense pon a disposición do servizos de nefroloxía e consultas ERCA co fin de apoiar o proceso asistencial.

## **CHARLA SOBRE ALCER PARA TRABALLO SOCIAL**

Na tarde do 15 de marzo a traballadora social de Alcer participou nunha mesa con compañeiros/as de profesión do CIS Aixiña para presentar o traballo social en asociacións de saúde ós alumnos de Grado de Traballo Social da Universidade de Vigo.

Presentou os nosos programas, actividades, servizos que prestamos e as funcións dun traballador social nunha ONG e concretamente en ALCER Ourense.

Asistiron aproximadamente 40 alumnos.



### **PROMOVE E ORGANIZA:**

DISCAFIS-COGAMI

### **COLABORAN:**

ACCU

AFFOU

AIXIÑA

ALCER

AODEM

COGAMI

DISCAFIS-COGAMI

RENACER DCA

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## **CHARLA SOBRE ALCER PARA CICLO FP PORTOVELLO**

Na mañá do 18 de decembro a traballadora social de Alcer participou nunha mesa con compañeiros/as de profesión do CIS Aixiña para presentar o traballo social en asociacións de saúde ós alumnos de ciclo de atención socio sanitaria do Portovello.

Presentou os nosos programas, actividades e servizos que prestamos.

Asistiron aproximadamente 20 alumnos.



### **PROMOVE E ORGANIZA:**

DISCAFIS-COGAMI

### **COLABORAN:**

ACCU

AFFOU

AIXIÑA

ALCER

DISCAFIS-COGAMI

RENACER DCA

## **3. PROGRAMA DE PREVENCIÓN**

### **DIA MUNDIAL DO RIL.**

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

Con motivo da celebración do Día Mundial do Ril, que se celebrou o 9 de marzo, a Federación Nacional de Asociaciones ALCER e ALCER Ourense recordaron ás Comunidades Autónomas que deben implantar as medidas necesarias para axudar a previr a enfermidade renal crónica, tal e como se indica no documento elaborado hai dous anos polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, baixo o título ‘La estrategia del abordaje de la enfermedad renal’.

Este ano, os representantes dos enfermos renais, centraron a súa atención na elevada prevalencia e morbimortalidade cardiovascular que sofren as persoas con enfermidade renal, ademais dos custos económicos que supón o tratamento crónico da mesma.

O documento que recolle ‘La estrategia para el abordaje de la enfermedad renal’ (<http://alcer.org/federacionalcer/wp-content/uploads/2015/12/estrategia.pdf>) foi elaborado en febreiro de 2015 polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad no que ALCER foi un dos asesores, e aprobado polo Consejo Interterritorial de salud de 25 de marzo dese mesmo ano.

O documento, reconece que o diagnóstico da enfermidade renal crónica e sobre todo o inicio da terapia renal substitutiva marca un antes e un despois no estilo de vida da persoa afectada e no da súa familia.

A insuficiencia renal, explica o documento, é unha enfermidade que xera un amplo rango de situacións estresantes na persoa con enfermidade renal e na súa contorna, momentos nos que o paciente sofre unha perda de saúde que pode ser percibida como unha ameaza. Isto ocasiona trastornos tanto de tipo físico como psicolóxico que obrigan ó paciente a pedir axuda ós profesionais de atención social.

Ademais destes aspectos, o documento contempla a necesidade que ten o paciente de conservar o certificado de discapacidade unha vez que é transplantado.

### ‘Obesidade e enfermidade renal’

Este ano o lema do Día Mundial do Ril, está centrado en evitar a obesidade, xa que é un dos factores de risco de padecer enfermidade renal crónica.

Nas últimas décadas apareceron numerosos traballos epidemiolóxicos que relacionan o índice de masa corporal co desenrolo de enfermidade renal crónica nos suxeitos obesos.



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

Outro descubrimento importante, é o papel crucial que xoga a obesidade como factor de risco para unha peor evolución da función renal en pacientes con diversas patoloxías renais, glomerulares e o mundo do transplante renal.

O sobrepeso, a obesidade e as enfermidades conexas son nunha gran medida previbles. Polo que as autoridades sanitarias dos países deberían incluír planes estratéxicos para a prevención da obesidade. Lóxicamente, a redución de peso debера de ser o aspecto terapéutico máis determinante; sen embargo, a evidencia dispoñible acerca da súa influencia é máis ben escasa. Nos últimos anos, podemos atopar interesantes revisións que analizan con profundidade o efecto da perda de peso e a súa influencia na proteinuria e na función renal.

### Litiase renal e obesidade

A obesidade é considerada un de problemas de saúde máis importantes nos países desenvolvidos. A OMS considera que o sobrepeso e a obesidade son o quinto factor de risco de defunción no mundo. No noso país, segundo a Sociedade Española de Cardioloxía, cerca do 40% da poboación presenta sobrepeso e o 21% obesidade. Demostrouse un aumento do risco de padecer un cólico nefrítico ata 2 veces maior nos pacientes obesos. A probabilidade de recorrencia, posibles complicacións e o risco de insuficiencia renal severa e diálise estará aumentado nos pacientes con litiase renal e obesidade. Polo tanto a obesidade preséntase como un dos factores modificables máis importantes na prevención de padecer cálculos renais e as súas posibles consecuencias para o ril.

## **ACTIVIDADES DE ALCER OURENSE CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DO RIL**

### **ACTIVIDADES MÉRCORES DÍA 8 DE MARZO**

Ás 10h30 tivo lugar no Centro Cultural Marcos Valcárcel unha roda de prensa de presentación do Día Mundial do Ril 2017, a cargo do Vicepresidente de Alcer Ourense, Carlos Caamaño, e da traballadora social, Carmen Dorado, acompañados do Vicepresidente da Deputación de Ourense e da Concelleira de Benestar Social e de Sanidade.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: @AlcerOurense



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## ACTIVIDADES XOVES DÍA 9 DE MARZO

Carpa instalada na Rúa do Paseo de Ourense de 10h a 14h e de 16h a 20h.

- Ás 12h tivo lugar a Inauguración á que asistiron o Alcalde de Ourense, a Concelleira de Benestar Social e o Vicepresidente da Deputación de Ourense.
- Entregouse información relativa á enfermidade renal, á súa prevención e ás súas consecuencias.
- Fixéronse medicións de peso, glucosa e tensión arterial a toda aquela persoa que o desexou. A cargo de persoal sanitario de Escola e do Colexio de Enfermería de Ourense.
- Este ano levouse a cabo un Mercadillo Solidario con manualidades e obxectos doados polas asociacións de veciños de:

- Portovello - As Lagoas
- O Couto
- San Pedro de Cudeiro
- San Esteban de Untes
- Virxen de Covadonga
- Particulares.



O mercadillo solidario de ALCER Ourense 2017

## Actuacións conxuntas da Federación ALCER Galicia (FAG)

A Asociación ALCER Ourense é membro activo da FAG, que retomou a súa andadura dende o ano 2015.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)





Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

Os membros desta Federación quixemos realizar accións conxuntas para visibilizar a enfermidade renal, previla e fomentar a doazón de órganos.

Para o Día Mundial do Ril colocáronse tamén varias mesas informativas en Ourense, Vigo, Vilagarcía de Atousa, Coruña, Santiago, Ferrol e Narón con diferentes actividades preventivas e de información.

O Día Mundial del Ril é unha iniciativa internacional, que en España organizan conxuntamente a Sociedade Española de Enfermería Nefrolóxica, a Organización Nacional de Transplantes, a Sociedade Española de Enfermería Nefrolóxica e a Federación Nacional de Asociacións ALCER.

**Obxectivos perseguidos:** Amosar á sociedade en xeral, cal é a realidade da enfermidade renal, e transmitir a poboación en xeral e a Ourenzá, en especial, a importancia da prevención e a detección precoz da enfermidade.

**Recursos humanos:** xunta directiva, traballadora social, colaboradores voluntarios de ALCER Ourense e enfermeiras voluntarias do Colexio e da Escola de Enfermería de Ourense.

**Recursos materiais:** carpa situada na rúa do Paseo, carteis, dípticos e trípticos informativos, medidores de glucosa, tensiómetro, báscula, carteis anunciadores e trípticos da Asociación.

**Data de celebración:** segundo xoves do mes de marzo, este ano o día 9.



Baner do Día Mundial do Ril 2017



A carpa que a asociación instalou na rúa do Paseo de Ourense

**ALCER Ourense:** CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## **RESULTADOS OBTIDOS SEGUNDO O PERFIL DO USUARIO DE TODAS AS PERSOAS QUE SE ACHEGARON ATA A CARPA**

De entre as **191** persoas que se achegaron á carpa o Día Mundial do Ril, o perfil predominante en xénero, foi o **masculino**; aínda que a diferenza non foi notable, xa que acudiron a facerse as probas preventivas **90 mulleres** e **101 homes** cunha idade comprendida entre os **19** e os **95 anos de idade**.

En canto ao **peso**, podemos observar, que en xeral, predomina o **sobrepeso**, non soamente entre as persoas de **idade avanzada**.

Respecto á **Tensión Arterial**, podemos puntualizar, que das persoas que se **realizaron a proba**, **moitos tiñan os niveis de tensión máxima altos nese momento da proba. Destes, descoñecemos cantos son hipertensos**. Supoñemos que estes valores son debidos a que a persoa non está no ambiente idónea para realizar a medición: na rúa, facendo cola, estando sentado pouco tempo, etc... Pero o noso obxectivo é que se coñeza a enfermidade renal e os seus factores de risco, tendo como obxectivo o simbolismo da proba e a concienciación, máis que a medición en sí.

En xeral, todas as persoas que se achegaron á carpa para coñecer o seu peso e tensión arterial, estaban tamén moi interesadas, en comprobar si os niveles de azucre en sangue eran os axeitados.

Podemos comprobar, que foron **29** persoas as que declararon ser **diabéticas**, e **17** as que tiñan hiperglucemia neses momentos, polo que o persoal de enfermería, recomendoulles, facer unha **visita ao seu médico de cabeceira para saír de dúbidas**.

Ás persoas que deron valores fóra dos niveis normais das probas, recomendóuselles facer unha **visita ao seu médico de cabeceira para saír de dúbidas**.

Este ano a afluencia de persoas que se achegaron á carpa, foi na liña habitual do evento, se exceptuamos o ano 2016, na que pasaron a metade de persoas.



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense



O Vicepresidente da Deputación de Ourense, o alcalde e a  
Concelleira de Benestar Social cun cidadán.



Cola na rúa para participar na campaña de prevención.

## **PROMOVE E ORGANIZA:**

ALCER OURENSE

## **COLABORAN:**

Asociación de veciños do Couto

Asociación de veciños Portovello – As Lagoas

Asociación de veciños San Esteban de Untes

Asociación de veciños San Pedro de Cudeiro

Asociación de veciños Virxen de Covadonga

Asociación de veciños Xoaniñas dos Rosais

Asociación Diabética Auria

Colexio de Enfermería de Ourense

Concellería de Sanidade do Concello de  
Ourense

Deputación de Ourense

Escola de Enfermería de Ourense

Particulares

## **PASEO POLA SAÚDE**

O Día Mundial da Saúde 2017, que se celebra o 7 de abril, tivo como lema este ano “Falemos da Depresión” e a Concellería de Sanidade de Ourense organizou este ano varias actividades entorno a este día.

A presentación foi no Salón de Plenos do Concello de Ourense coa intervención do Alcalde de Ourense, da Concelleira de Sanidade e de 3 entidades estreitamente relacionadas con esta enfermidade, ASEIA, ASEM Morea e Feafes Galicia. ALCER Ourense estivo acompañándoos ese día.

[ALCER Ourense](#): CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](#) – Twitter: [@AlcerOurense](#)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense



Por outra parte e para dar visibilidade a esta enfermidade, realizouse un Paseo Urbanita por parte das asociacións que participamos neste día e que se iniciou ás 12h coa lectura do Manifesto na Praza de San Martiño, un paseo polo centro da cidade e á volta a esta praza, o Centro Comercial Aberto tiña esperándonos un batido de sandía e fresas elaborado por unha nutricionista.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

Dentro das actividades que as entidades programamos na prevención da Depresión, entorno á temática do Día da Saúde, ALCER Ourense e a Asociación Diabética Auria organizamos unha ponencia a cargo do Dr. Ernesto Ferrer, no día 27 de abril, ás 19h no Centro Cultural Marcos Valcárcel e á que asistiron cerca de 60 persoas.

O Dr. Ferrer falounos de Depresión, de qué é, e do que se pode facer para previla e superala. Á finalización, abriuse unha quenda de preguntas nas que os asistentes foron moi participativos e puideron consultar as súas dúbidas e facer reflexións.



No día 23 de maio tivo lugar a presentación do Paseo pola Saúde no Salón de plenos do Concello de Ourense, a cargo da Concelleira de Sanidade e do Alcalde de Ourense. ALCER Ourense estivo presente, xunto con tódalas outras entidades participantes na feira.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense



A **XIV Feira do Paseo pola Saúde** celebrouse os días 30 e 31 de maio na Avda. de Pontevedra en horario de 11h a 14h e de 17h a 20h.

Con motivo do **Día Mundial da Saúde**, a Concelleira de Sanidade (Dona Sofía Godoy Gómez-Franqueira) deunos a oportunidade un ano máis, a nós e a outras moitas asociacións, de participar na celebración do **“Paseo pola Saúde”**.

Este ano como en anteriores, dende ALCER Ourense quixemos informar á sociedade ourensá sobre a Insuficiencia Renal Crónica (IRC), así como da importancia que ten a prevención da mesma.

#### **OBXETIVOS:**

- Sensibilizar e concienciar á sociedade ourensá sobre a Insuficiencia Renal Crónica así como da importancia de doar órganos
- Previr as enfermidades renais, fomentando hábitos de vida saudables (medición da tensión arterial).

#### **ACTIVIDADES PROGRAMADAS**

Nos días 30 e 31 de maio, tivemos como **actividade, toma da tensión arterial e peso** a todas aquelas persoas interesadas en coñecer o seu estado de saúde. Ademais, de por suposto, dar información sobre esta enfermidade silenciosa e sobre as actividades e servizos que ofrece Alcer Ourense.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

Á carpa, asistiron membros da Xunta Directiva de Alcer, a traballadora social e voluntarios da asociación.

En total, foron 262 persoas as que se achegaron ata a carpa para tomarse a tensión arterial e o seu peso.

Segundo o xénero, atendéronse a 155 mulleres e a 107 homes.

A idade media, un pouco máis baixa que no ano anterior, sitúase nos 63 anos, tendo a persoa máis xoven 7 anos e a maior 90 anos.

En xeral obsérvanse menos tensións altas que outros anos. Dánse valores superiores a 140/90, sobre todo na poboación de máis idade, e nos valores de máximo, non tanto nos valores de mínimos. Polo que a ditos usuarios se lles recomendou visitar ó seu médico de cabeceira para descartar unha posible IRC e axudalos a previr a enfermidade renal. Por outra banda, atopamos varias persoas que, sendo hipertensas, non tomaban a medicación recetada polo facultativo polo que tiñan a tensión alta cando lla tomamos; a estas persoas instámolas a seguir o seu tratamento.

En relación ó peso das persoas que viñeron ó noso stand, notamos unha tendencia ó sobrepeso en ambos sexos.

No día 31 de maio, ás 13h30 tamén se fixo un parón na medición con motivo do Día Mundial da Esclerose Múltiple, para participar nunha cadea humana organizada por AODEM coa lectura dun decálogo de reivindicacións.



### **PROMOVE E ORGANIZA:**

Concello de Ourense. Concellería de sanidade do Concello de Ourense.

### **COLABORAN:**

Demais asociacións enmarcadas no eido sanitario da provincia de Ourense (35 asociacións).

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## **4. PROGRAMA DE DIVULGACIÓN**

### **DÍA NACIONAL DO DOADOR**

O mércores 7 de xuño ALCER conmemorou o Día Nacional do Doador de Órganos, un día instaurado pola entidade hai case 40 anos con dous obxectivos principais, homenaxear a tódolos doantes anónimos que co seu xesto altruísta permitiron mellorar a calidade de vida de moitas persoas a través dun transplante.

España pulveriza os records ó alcanzar máximos históricos en 2016 en canto a doazón e transplante se refire. Ademais o noso país supera os 40 doantes por millón de poboación o mesmo ano que ALCER, Asociación para a Loita Contra as Enfermidades do Ril cumpre 40 anos de idade.

E é que, grazas a este xesto solidario, España alcanzou 43,8 donantes por millón de poboación, cifra que se traduce en 2018 doantes, a través dos cais se realizaron un total de 4.818 trasplantes.

Estados Unidos ocupa a segunda posición con cifras moi por debaixo xa que obteñen 28,2 donantes por millón de poboación. Se a comparación a realizamos co resto de países europeos a diferenza sigue aumentando xa que Francia obtivo en 2016 28,1 doantes por millón de poboación.

### **ANO A ANO BATIMOS RÉCORDS, PERO EN GALICIA (E EN OURENSE) PODEMOS MELLORAR**

O presidente da Federación ALCER Galicia, Rafael Rodríguez Martínez, afirma que “ano tras ano se siguen facendo máis transplantes de órganos, aínda que no caso de Galicia quede moita educación que realizar para baixar o número de negativas familiares existentes que son 10 puntos superiores ó resto do Estado”.

O 7 de outubro de 1979 ALCER celebrou a primeira edición do Día Nacional do Doante con dous obxectivos principais, homenaxear a tódolos doantes anónimos e por outro lado continuar o labor de informar e sensibilizar á sociedade española en pro da doazón de órganos. Dende entón as nosas entidades xestionaron máis dun millón de tarxetas de doantes.





Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

Este ano con motivo da celebración en Málaga da XXI edición dos Xogos Mundiais de Transplantados o mundo do deporte uniuse a ALCER na celebración do Día Nacional do Doante de Órganos que contará coa participación do galego (de Culleredo), Carlos Iglesias Souto.

Ademais, as entidades ALCER realizan campañas de sensibilización durante todo o ano, grazas ó labor dos profesionais, voluntarios, pacientes e familiares e o xesto altruísta da sociedade española.

## **SEGUIMOS CONTANDO COA TÚA SOLIDARIEDADE**

A pesar destas cifras tan positivas seguimos necesitando a solidariedade da poboación española, xa que na actualidade máis de 5000 persoas se atopan á espera de recibir un transplante que lle permita mellorar a súa calidade de vida.

O reto de ALCER na actualidade é traballar para lograr a protección social e laboral das persoas que deciden doar un órgano en vida.

Durante o tempo que dura o proceso, estos doantes teñen que perder moitos días de traballo polas probas médicas, cando non son enfermos, pero si necesitan un periodo de recuperación tra-la intervención que pode traer problemas laborais serios.

¿Que pode facer a poboación española para axudar a que o noso país siga no primeiro posto do podio de doazón e transplante no mundo?

- Faite donante e ensina aos demais con orgullo a túa tarxeta de doante.
- Fala coa túa familia de que es doante. A tarxeta expresa a túa vontade de doar, pero a decisión é da túa familia. Se coñecen o teu desexo, a túa familia respetarao.
- ¿Sabes que tamén podes doar un órgano estando vivo? A un familiar, a un amigo ou a quen o necesite sen coñecer a persoa que o necesitará.

A saúde das persoas que doan un órgano en vida non só non se resinte, senón que é mellor que a do resto da xente. Sinxelamente, porque pasan o resto da súa vida mellor controlados medicamente.

## **ACTIVIDADES DE ALCER OURENSE CON MOTIVO DO DIA NACIONAL DO DOADOR**

O día 6 de xuño, ás 10h30, tivo lugar unha rolda de prensa para presentar o Día do Doador, na que participaron o Vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández, a Vicealcaldesa de



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense

Ourense, Sofía Godoy, a Presidenta de ALCER Ourense, M<sup>a</sup> Teresa Pereira e a traballadora social da asociación, Carmen Dorado.

O día 7 de Xuño, dende as 10h ata as 20h, instalouse unha carpa na cidade de Ourense situada na Rúa do Paseo.

A Inauguración da carpa tería lugar ás 12h30, e contaríamos coa presenza do **alcalde de Ourense, Jesús Vázquez Abad, así como do Vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Luís Fernández Fernández.**

Repartíuse información sobre a doazón de órganos e tecidos, para seguir aumentando a **ESPERANZA dunha segunda oportunidade para moitas persoas.**

Ademais, contouse cun Mercadillo Solidario con diferentes obxectos e perfumes doados por particulares e con manualidades doadas polas asociacións de veciños de: Portovello - As Lagoas, O Couto, San Pedro de Cudeiro, San Esteban de Untes, Santa Ana do Pino e Virxen de Covadonga.

O día 8 de xuño instalamos unha mesa informativa na entrada do Hospital Santa María Nai de Ourense, na que se informou sobre o proceso da doazón de órganos e sobre a tarxeta de doador.

### Resumo da actividade sobre o nº de tarxetas de doantes :

En Ourense entregáronse máis de 100 *tarxetas de doantes* de órganos para que as persoas que as recibiron puideran completar os datos na súa casa, tras ler o folleto informativo e formalizar a solicitude de tarxeta de doante. 8 persoas decidiron cubrir a documentación na mesma carpa.

## Un país de record



25 AÑOS DE LIDERAZGO

España pulveriza los records al alcanzar máximos históricos

43,4 donantes por millón de población (2018 donantes) y 4.818 trasplantes

Disminuyen las listas de espera para trasplante

La ONT registró el pasado año máximos de actividad en trasplante renal

SEGUIMOS CONTANDO CON TU SOLIDARIDAD

Aún más de 6.000 personas se encuentran en lista de espera para trasplantarse y mejorar su calidad de vida

Necesitamos priorizar la protección social y laboral de las personas que deciden donar un órgano en vida

7 Junio: Día Nacional del Donante de Órganos



ORGANIZA



COLABORAN



SENER



ONCE

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense



### III CICLO DE CINE E MEDICINA

O Colexio Oficial de Médicos de Ourense e o CineClube Padre Feijoo organizaron un III Ciclo de cine e medicina na nosa cidade, no que se emitiron 6 películas. ALCER Ourense foi invitado a participar na proxección da última película que .

A proxección deste filme tivo lugar o 16 de xuño de 2017, ás 19h30 na Biblioteca Nodal de Ourense.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
 Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
 Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: @AlcerOurense



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

Ademais ó finalizar a proxección tivo lugar un debate no que participaron o coordinador de transplantes de Ourense, un médico cirurxan do CHUO, un representante do Colexio de Médicos, outro do CineClube Padre Feijóo, así como as persoas que asistimos á proxección, no que os participantes puideron aportar opinións sobre a película e aclarar dúbidas.

A esta actividade asistiron unha veintena de persoas.

### **PROMOVE E ORGANIZA:**

COLEXIO OFICIAL DE MÉDICOS DE OURENSE

CINECLUBE PADRE FEIJOO

### **PROXECTO SALVAVIDAS**

Nos últimos anos obsérvase unha crecente solicitude de actividades informativas en torno á doazón de órganos e ó transplante de órganos na sociedade e nos centros educativos. Esta demande excede á capacidade de resposta das persoas que, voluntariamente, veñen desempeñando dito labor dende o ámbito sanitario e asociativo.

A partir desta necesidade, entendemos que se fai necesaria a planificación e deseño dun conxunto de materiais educativos que sitúen ó/á docente como axente multiplicador, é dicir, como actor central da difusión cara á comunidade educativa a través do contacto permanente co alumnado e as súas familias.

O Proxecto Salvavidas xurde da confirmación da validez da vía educativa como alternativa de intervención preferente cara o fomento da doazón e o transplante de órganos.

A escola, o medio educativo, é a institución encargada de lexitimar os saberes que unha sociedade considera como necesarios a manter e/ou implantar, e parece o medio idóneo onde actuar (todos/as pasamos por ela).

A influencia do nivel educativo é un factor condicionante nos factores asociados á disposición de doar órganos dun familiar que xa finara e á diminución en canto ás negativas á doazón, segundo a bibliografía pertinente.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

Parece claro, entón, que o medio educativo debe ser dotado duns materiais axeitados que posibiliten un traballo sistemático que potencie a doazón e o transplante de órganos.

O Proxecto Salvavidas pretende ser unha ferramenta práctica que proporcione ó alumnado e profesorado información e recursos concretos de aplicación na aula.

